



## PROPOSICIÓN SOBRE A MELLORA DE INFORMACIÓN E ACCESO AO BOSQUE DE GALICIA E Á CIDADE DA CULTURA NO MONTE GAIÁS

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A árbore é un elemento fundamental na cultura e no modo de vida tradicional de Galicia, como o ten advertido Castelao ao consideralo, xunto coa vaca e o peixe, formando parte do triángulo esencial da economía galega ao longo da historia.

Á árbore ten, ademais do seu intrínseco valor económico ligado a moitos outros sectores produtivos, un especial valor ligado á redución da contaminación e a loita contra o cambio climático.


En Galicia estímase que arredor de 1,5 millóns de hectáreas teñen árbores (case a metade da superficie total galega), unha porcentaxe moi superior á do conxunto do territorio español (un 36%) que ocupa o 4º lugar en Europa.

Consciente desta implicación da árbore na historia, na economía e na calidade ambiental da nosa terra, o Goberno galego decidiu no seu día crear na capital do país un referente desa riqueza natural, iniciando unha gran plantación de especies autóctonas na aba do Monte Gaiás, intimamente ligada física e conceptualmente coa Cidade da Cultura de Galicia. Un lugar que recibiu o nome de Bosque de Galicia.

O Bosque de Galicia vén a cumprir unha importante función ecolóxica, ao incidir sobre flora e fauna no contorno, na conservación de solos e na regulación do ciclo hidrolóxico da cabeceira do Sar. As súas 24 hectáreas, onde están plantadas máis de 6.000 árbores, equivalen a 3 veces a superficie da Alameda de Santiago, ás que se lle suman outras 2,2 hectáreas dunha parcela municipal que o Concello de Santiago acordou ceder no pasado mandato, nas proximidades do Multiusos Fontes de Sar, para unha completa actuación de limpeza, roza e plantación de carballos, castiñeiros, bidueiros, acivros, abeleiras, érbedos, teixos ou faias, entre outras especies autóctonas.

Os labores de roza e limpeza comezaron en setembro de 2014, uns días despois da súa presentación e desde entón os cidadáns puideron participar na plantación das novas árbores a través dun programa que permitía tamén percorrer e coñecer a zona.

Co Bosque de Galicia, Santiago vai incrementar o seu patrimonio natural, cuns ratios entre os mellores de España e Europa, achegándonos aos 27 m<sup>2</sup> de zonas verdes por habitante, situándonos arredor das 4 árbores por habitante.



Esta iniciativa ambiental da Xunta de Galicia, na que colabora a Fundación Juana de Vega, a empresa pública SEAGA e o propio Concello de Santiago, supón tamén a creación dunha rede de camiños, para facilitar a accesibilidade ao monte Gaiás, abrindo a zona para actividades deportivas e de lecer en íntimo contacto coa natureza.

O esforzo e o resultado desta iniciativa –que en moi pouco tempo estará aberta ao público– podería reforzarse cunha serie de medidas que permitiran difundir e achegar este gran patrimonio natural a toda a veciñanza do Concello e a todas aquelas persoas que nos visitan. Por este motivo, o Grupo Municipal do Partido Popular presente á consideración da Corporación o seguinte

### ACORDO

**Ante o inminente remate e posta a disposición do público do Bosque de Galicia na aba do monte Gaiás, o Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Concello a que elabore e leve a cabo coa maior dilixencia posible un conxunto de medidas (como melloras no transporte público urbano, sinalización de itinerarios de acceso peonil ou unha app para acceder e divulgar este espazo) que permitan facilitar o acceso á Cidade da Cultura de Galicia e ao seu contorno, reforzando o atractivo e a utilidade deste singular enclave ambiental e cultural.**

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2016

Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela